



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XANEIRO DO 2019.-**

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D. Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. D. Manuel Bello Bouza. Dna. Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dazaoito minutos do día trinta de xaneiro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**1º.- RATIFICACIÓN CAMBIO DATA SESIÓN**

Sometida a votación a ratificación de data de celebración da sesión ordinaria no día de hoxe o Pleno do Concello por, 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL) e 6 en contra (3 BNG, 3PP) acorda ratificar a data de celebración da sesión ordinaria no día de hoxe.

**2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DA SESIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 28/12/2018**

Sometida a votación as acta da sesión celebrada o día 28/12/2018 o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 BNG, 3 PP), acorda prestarlle a aprobación.

**3º.- DAR CONTA DO ESCRITO DO MINISTERIO DE FACENDA DE 18/12/2018**

O Concello pleno dáse por enterado.

**4º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.



O Concello pleno dáse por enterado.

### **5º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha moción presentada polo BNG presenta en defensa da sanidade pública.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando os vos días a todos/as manifestando que presentan a moción en defensa da sanidade pública debido fundamentalmente a situación na que nos atopamos que foi agravada nos últimos meses cun caso moi particular que non se ten producido na historia da democracia como foi esa dimisión dun importante cartel na área sanitaria de Vigo. Isto fixo que o goberno do PP na Xunta de Galicia intentase tomar cartas no asunto en algo que nós xa tiñamos denunciado de hai moitos anos pero eles facían oídos xordos, e por iso que presentamos esta moción que vai na liña de defender a sanidade pública de poñer os recursos de non privatizar en definitiva ven na liña de facer unha xestión ao respecto da sanidade que veña en contra aos recortes e a súa afección e por iso que tedes aí o que é a exposición que se refire fundamentalmente a isto que veño a sinalar e paso dar lectura aos acordos.

Dáse conta da moción presentada polo BNG " Moción en defensa da sanidade pública" que a continuación se transcribe.

### **MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA**

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en defensa da sanidade pública galega nunha situación crítica debido as políticas nefastas do Partido Popular

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009 e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feijoo a fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de por os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Núñez Feijoo a cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento redución de orzamentos, de centros de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes e centros privados.



A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PAC ao límite.

No caso concreto do Concello de Ares, fomos testemuñas das consecuencias destas políticas, cun recorte de cadro de persoal no pasado verán como nunca se tiña producido consecuencias negativas na prestación de servizo.

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organización profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

1. O Peno do Concello de Ares insta á Xunta de Galiza a:
  - A) Atender a demanda de doentes na tempada estival, polo grande aumento da poboación, aumentando o numero de doutores/as.
  - B) Dotar ao centro de saúde de novos servizos de atención a cidadanía no ámbito da saúde.
2. Así mesmo instamos á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:
  1. Aumento do orzamento destinado a Sanidade.
  2. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/contratos estábeis e dignos/substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia/aumento das prazas de formación de especialistas, MIR.
  3. Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes a sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.
  4. Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros) Recuperación das Xerencia de Atención Primaria con capacidade



resolutiva e orzamentaria./Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs/Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.

5. Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.
6. Eliminación dos copagos farmacéuticos.

En Ares a 21 de Xaneiro de 2019  
Asdo: Emilio Mesías Farías  
(Concelleiro Portavoz do GM do BNG)

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que unha vez dada conta da moción abrimos unha quenda de intervencións para fixar posicións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro de Son de Ares.

Toma a palabra o Sr. Pita Carballeira manifestando que o seu voto vai ser favorable pero vou a apuntar un pouco o que dicía o Sr. Mesías Farías que non só a redución é en Vigo porque nos atopamos na comarca que en Moeche, Cerdido e San Saturnino pois eliminan o servizo de pediatría polo tanto haberá que poñer en alerta a outros concellos.

Remata o Sr. Pita Carballeira.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que vai a dicir o porque e paréceme moi forte dicir "favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade" paréceme moi grave dicir isto e vou a dar unha serie de razóns polo cal isto non é verdade.

A sanidade pública sempre foi unha prioridade nos orzamentos da Xunta, o orzamento dedicado a sanidade pública e máis do 40% do orzamento da Xunta de Galicia., no ano 2008 era do 33,2% dedicado a sanidade 348 oito millóns de euros máis que no 2008, contamos cuns orzamentos que aumentan cento dezanove millóns en 2019 un 3,3% máis que no 2018 no ano 2019 dedicaremos a sanidade case catro mil millóns de euros exactamente tres mil novecentos setenta e catro millón a cifra máis alta da historia da nosa comunidade autónoma. Respecto da atención primaria o orzamento dos capítulos de persoal e orzamento contou no ano 2018 con vinte e cinco millóns de euros máis que no 2008. No referente a colaboración co sector privado entendemos que é importante que exista un sector privado complementario ao sector público que engada valor ao sistema sanitario no seu conxunto o orzamento en concertos no 2018 foi de dous coma cinco millóns de euros pero no ano 2008 era de douscentos dezaseis millóns de euros e dicir reduciuse os orzamentos dedicados a concertos en once millóns, polo tanto as dedicacións aos centros privados diminuíron ou mantivéronse respecto ao goberno bipartito.

Dende o 2009 a sanidade pública en Galicia mellorou os seus servizos todos os anos e hoxe chega con máis prestacións e máis axilidade, máximo histórico en intervencións cirúrxicas case 210000 en 2018 e dicir 24000 máis que no ano 2008, máximo histórico en consultas en hospitais catro con cinco millóns quince con oito máis que co goberno bipartito en atención primaria 26,6 millóns un 3% máis, máximo histórico de transplantes 354 o pasado ano un 32,6% máis que no 2008, alta capacidade de resolución de atención primaria 94,32% dos pacientes recorren a atención primaria non hai necesidade de derivación a unha consulta de hospital, nos PAS resólvense as urxencias no 92% dos casos



en necesidade de derivar as urxencias hospitalarias, menores esperas dende que hai rexistros porque con respecto ao 2008 hoxe agardase 20,7 días menos para unha cirurxía moi grave e 7,9 días menos, con carácter xeral en 12,4 días menos para unha consulta. Estas cifras poñen de manifesto que o sistema sanitario mantén un altísimo nivel de prestacións e de calidade e que non houbo ningún recorte nestas prestacións, hoxe os galegos teñen garantidos por lei prazos de espera máximos unha posibilidade da que dende o ano 2017 xa se beneficiaron case 43000 persoas en todas elas dentro da sanidade pública mailo aínda que se dixera para favorecer a sanidade privada, igualmente hoxe teñen o dereito de elixir médico, pediatra ou persoal de enfermería así como de centro hospitalario por un novo problema de saúde opción que elixiron libremente máis de 211000 galegos, hoxe temos o dereito dunha segunda opinión máis áxil e xa a teñen solicitada máis de 1200 persoas, hoxe teño máis vías rápidas para a detección de determinados cancros como pode ser mama, pulmón, próstata, vexiga, melanoma e cabeza e colon e que nos permitiu acadar un tempo medio de derivación dende atención primaria ata o especialista de menos de cinco días, hoxe teñen mellores servizos de atención, mellor información e máis accesible hai novas vacinas de balde para os nenos, hoxe hai novos medios de prevención grazas por exemplo a un sistema privado semellante ao de cancro de mama ou o de cancro de colon e de este ano tamén para o cancro de cervix e como ben sabedes hai unha oferta de médicos de familia e de pediatras que afecta a toda España a situación de padecer en medicina familiar e comunitario en pediatría que afecta a todas as comunidades autónomas representa unha grande dificultade e posibilita a cobertura de todas as ausencias sempre que é posible cúbrase como foi o caso en Ares da tempada estival. Galicia dentro do contexto nacional é unha das comunidades coa maior taxa de cobertura pediátrica achegado ao 90%.

A principal medida que hai que tomar é paliar a ausencia de profesionais é isto esixe a ampliación do goberno central por iso propúxose unha convocatoria extraordinaria para atención primaria segundo a ministra de sanidade confirmou este luns en Vigo 105 prazas de médico de familia e MIR en Galicia haberá 400 prazas pero non vai a ter en conta a convocatoria de MIR extraordinaria, seguimos traballando e adoptando medidas como 1544 profesionais máis que no ano 2008 convocatorias anuais de opes no período 2017 e 2020 teremos ofertada a posibilidade de estabilizarse a 5000 persoas, o atraso na idade de xubilación 88% da prantilla estrutural do servizo galego de saúde ten carácter estable, nos últimos anos vimos incrementando oferta de prazas MIR, na última convocatoria realizamos a maior dos últimos anos con 404 prazas ademais solicitamos en reiteradas situacións ao Ministerio de Sanidade o incremento das prazas que temos acreditadas para poder aumentar a oferta de pediatría de 20 a 26 prazas, por outra parte dos 60000 médicos de familia que remataron no ano 2018 o MIR 55 están con contrato no SERGAS.

Entre as medidas adoptados en nivel competencial destacan as opes anuais, a prorroga no servizo activo dos profesionais o concurso de traslados aberto e permanente, os nomeamentos temporais con maior estabilidade no tempo a incentivación das titorías a carreira profesional a exención da nacionalidade española curricular mediante nomeamentos estatuarios os médicos especialistas extracomunitarios así como a participación na ope nacional coordinada co ministerio.

Salientar que a atención primaria é un modelo organizativo de éxito os indicadores de saúde e sobre todo de esperanza de vida son dos mellores do mundo dando como resultado unha das poboacións máis lonxevas do mundo, dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive dotada de profesionais competentes un orzamento axeitado para que este a sufrir as tensións derivadas en boa medida do aumento progresivo da demanda que se xunta ca escaseza de profesionais para cubrir prazas en particular médicos de familia e pediatras. Neste momento estanse avaliando



outras medidas como a modificación da estrutura directiva nas áreas sanitarias a crear unha dirección de atención primaria, por último debemos indicar que o ratio de pacientes por médico de atención primaria e de 1275 por debaixo da media nacional que está en 1357.

No momento actual no SERGAS conta con máis de 10500 profesionais de enfermería no seu cadro de persoal 700 máis dos que había no ano 2008. Agarda actual en Galiza e de catro enfermeiras por cada 1000 habitantes cifra mellor q a media do sistema nacional de saúde que presenta unha ratio media de 3,6.

Con respecto aos pagos farmacéuticos temos que dicir que Galiza é a terceira comunidade con maior gasto público por habitante/ano farmacia en 411 € iso supera só é superada por Extremadura e Asturias. No 2017 Galiza financiou 2,1 millóns de receitas máis que no ano 2008, os pacientes recollen de media 23 receitas ao ano dato só superado por Extremadura existe gran accesibilidade a medicación financiada nesta comunidade en Galiza hai 125000 cidadáns que están exentos de pago supoñen o 4,34% da poboación e o 6,6 de poboación de receitas os pensionistas pagan de media 4,10€/mes.

En canto os equipamentos a mellor dotación sanitaria tamén se reflicte no ámbito tecnolóxico nunca antes se fixera unha aposta tan forte pola incorporación de tecnoloxía con máis de 100 millóns de euros nos últimos anos da máis alta tecnoloxía quirófanos, híbridos, resonancias, aceleradores liñas ata parataxe máis simple pero igualmente fundamental como mamógrafos, ecógrafos, electrocardiogramas.

Remata a Sra. Martínez Marínez a súa intervención.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que en Ares os médicos din que atenden a 70 persoas diarias se ti crees que iso é unha atención sanitaria de calidade pois efectivamente non o creo, vas a falar con calquera médico co Dr. Castiñeira, Dr. Malo, Dr. Cayetano Galan e 70 persoas diarias é infumable é unha situación que implica loxicamente un deterioro evidente do sistema sanitario, que logo todos os médicos de atención primaria dimiten en bloque, pois non sei serán todos do PSOE ou do BNG todos nomeounos o PP todos os xerentes pero resulta que deben ser do PSOE e do BNG porque dimitiron todos, os directores nomeados polo SERGAS e resulta que son tanto do PSOE e do BNG que o SERGAS lles dixo que non admitían a dimisión porque resulta que non deles.

O deterioro da sanidade galega é palpable ano tras ano o deterioro da sanidade española é palpable ano tras ano e efectivamente está claro que cada vez imos a peor, eu non lembro que morrera ninguén nunha sala de espera dun ambulatorio na Estrada xa morreu xente nunha sala de espera e efectivamente a moción do BNG non só ten razón senón que seguro que lle falta moitas cousas por dicir, seguramente non nos quixo cansar cos datos que deu vostede por estou convencido que podían escribir tres ou catro follas mais pedindo cousas e escribindo queixas porque que isto vai a peor o temos claro, eu antes ía ao oculista agora mándanme a óptica do peirao e dinme séntate aquí ben este aparato non funciona moi ben vexo unha mancha pero pode ser da propia óptica do aparato coño pois pon un aparato onde se vexa si teño unha mancha ou non teño unha mancha e iso é a atención a mellora dos oculistas mandarnos a ópticas privadas que o que queren e vender gafas e por certo o conseguiron vendéronme unhas gafas onde duplicáronme o número de diotrias logo os aparatos ao mellor que dicía o que tiña pois pagueime por unhas gafas o que ao mellor non tiña que pagar e tiveron que devolvelas a dúas semanas para quitar 0,75 dioptrías a cada lente ¿iso é un oculista? Xa non falemos de pediatria que xa fai anos que non levo ao meu fillo e xa non falemos da situación de Mugar dos que están todos tan encantados que veñen a pedir médico a Ares temos un desfase porque os de Mugar dos veñen a pedir médico a Ares o que agrava a atención do médico de Ares que en vez de atender a 70 acabaran



atendendo a 100 e aínda encima un servizo médico que descansa no boa vontade dos médicos, e si piden os catro as vacacións en agosto, teñen dereito temos médicos que vanse de vacacións en setembro, outubro polo amor que lle teñen ao servizo o Dr. Castiñeira é a primeira vez en moitos anos que pediu as vacacións en agosto porque se lle casaba unha filla e formouse un lío porque no lle cubriron o seu posto, e entón efectivamente nós imos a votar a favor da moción.

O Sr. Alcalde remata a súa quenda de intervencións, e dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas ao Alcalde, e dicindo que efectivamente como vostede ben apuntaba non é unha cuestión de poñer datos aquí e cansar, eu creo que ten que ser todo máis simple e todo máis simple é a nosa propia experiencia, onte chamei por casualidade para unha analítica non centro de saúde e danme vez para dentro dun mes non están dando vez para antes dun mes. O que pasou no verán xa o sabemos todos/as e de feito fomos alí, claro que como o seu interventario pódese entender que non hai ningún problema na sanidade pero unha dimisión en bloque e referíame a esa a de Vigo foi o que fixo mobilizar a Xunta de Galiza foi a única a que fixo mobilizar a Xunta de Galiza non porque a situación fose nova ao respecto da atención ao servizo senón pola concreción de esa acción da área de Vigo efectivamente como dicía tamén o representante de Son de Ares aquí mesmo en San Saturniño, Moeche teñen o problema ca pediatra eses problemas están aí, eu realmente non sei cal é a solución o que si sei é que o que achega o PP na súa política sanitaria non está a solucionar os problemas que hai na sanidade cunhas casuísticas que ten o noso país cunha poboación envellecida e cunha dispersión poboacional e con toas as características que se requiran en Galiza porque a política sanitaria non ten que ir ou non se ten que xustificar mediante os gastos senón que mediante a repercusión de eses gastos, a min paréceme moi ben que agora se gaste nun hipotético caso que se gaste máis cartos que hai catro anos pero si con iso non se soluciona a solución non é poñer máis cartos ou xustificar a solución poñendo máis cartos.

Certo que hai unha falta de profesionais e que está afectando a todo o estado español pero esa será unha situación que se preverá vir non é porque non haxa senón porque cando os había marcharon e si marcharon foi porque non se lles dou a posibilidade de traballar aquí, vaian vostedes ao norte de Portugal e alí atoparan persoal sanitario moitos moitos, ou vaian a calquera país europeo onde tamén os profesionais emigran., non creo que sexa por buscar mellores condicións máis ben é porque aquí se lles negan as condicións é por iso que temos un problema na sanidade pública e que é unha pata fundamental do estado de benestar o da sanidade público e nós por iso pretendemos que se poña en marcha todas e cada unha das melloras que se teñen que poñer para mellorar esta situación que lonxe de ser óptima é mellorable, si que é certo que hai grandes profesionais que desenvolven moi ben a súa atención e moitas das carencias son sufragadas son prestadas persoalmente porque ese profesional teñen ante todo humanidade é un amor polo seu traballo que moitas veces fan excesos nas súas competencias, entón e por iso que nós pedimos o voto que é un voto a favor da sanidade pública.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde dando paso a segunda quenda de intervencións.

Toma a palabra a voceira do PP.



Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que soamente vai a contestar a que a ratio medio por pacientes aquí en Galiza é de 1275 e nas demais comunidades é de 1357 así que Galiza non está tan mal, o Sr. Feijoo non xestiona mal.

Con respecto ao centro de saúde que nolo trouxo o Sr. Feijoo porque cando gobernaba o bipartito veu aquí a Conselleira de Sanidade e dixo que no 2009 xa ía estar o centro de saúde listo, fóronse e non estaba nada xestionado absolutamente nada o centro de saúde tróuxeno o Sr. Feijoo.

Con respecto ao Arquitecto Marcide dicir que a Xunta ten os cartos preparados para a ampliación do Arquitecto Marcide, temos un grave problema de espazo no Marcide e quen ten a culpa de todo isto, o Alcalde de Ferrol que non fai os seus deberes e quen o mantén na cadeira é o partido socialista e o bloque así que nada máis.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que din todas as noticias que o estou mirando en google que a sanidade española en mans do PP efectivamente leva sete anos de recortes consecutivos, cada ano coa crise sanidade e educación sufriu recortes, aínda así as cifras que vostede anuncia que efectivamente en Galiza non as coñecía dubido que nos poña na situación antes de haber recortes é dicir, imaxino que durante varios anos terá que haber subidas antes de que efectivamente haxa baixadas porque efectivamente todos sabemos que situación da sanidade e educación todos sabemos que ante unha crise tomáronse medidas e unha das medidas foi recortar. Eu lembro unha entrevista do Sr. Rajoy con Rubalcaba antes das eleccións onde xa non imos a falar do IVE das chuches na que lle preguntaron míreme aos ollos si vai facer recortes en sanidade ou educación e o Sr. Rajoy dixo non, e si había nas prestacións dos parados e dixo non, en consecuencia faltou unha vez máis a súa palabra.

Eu era concelleiro cando quería facer un centro de saúde en Ares pero se quixo facer en Pedros evidentemente a consellería non quería facelo en Pedros e houbo unha situación de bloque cando había cartos para facelo e se ía a facer dende aquí se dixo que tñase que facer en Pedros eu a diferenza de vostedes que nunca me acompañaron a nada non dixeron Alcalde se que hai un problema aquí a conselleira é do PP vostedes a min nunca me acompañaron a nada a resolver nada, pero daquela convocouse a primeira xunta de voceiros de toda a legislatura a primeira, foi o Sr. Doval, eu o Sr. Luis Cendán e pedíronme si eu podía mediar e conseguírlles unha entrevista coa consellería de sanidade para intentar explicar as razón polas que quería lévalo a Pedros e que a maioría da oposición non todo non quería, e de feito ata recolléronse sinaturas, non custoume ningún traballo en conseguir a entrevista foi a primeira entrevista a que fun co Alcalde do PP o Tenente Alcalde e alguén do bloque eu creo que era o Sr. Doval dubido pero creo que era o Sr. Doval alí estivemos os catro. O goberno expuxo a súa petición de ir a Pedros e nós expuxemos na nosa de non ir a Pedros pero alí estivemos os catro falando cunha conselleira socialista acompañado o Alcalde pola oposición cousa que vostedes nunca me brindaron gobernando a Xunta o PP durante oito anos eu creo que nesa reunión fracasou a situación de base a consellería non quería lévalo a Pedros e perdeuse unha oportunidade, o centro de saúde podería estar feito onde hoxe si aquel goberno houbera aceptado onde hoxe está pero fíxose unha aposta e efectivamente perdeuse. Cando gobernamos nós catro anos asinamos o convenio para a cesión dos terreos, como o anterior goberno o quería en Pedros non cedeu os terreos, co goberno do Sr. Touriño cedemos os terreos pero non só cedemos os terreos cedemos os terreos os escrituramos ao non ter ningún vinculo cos mesmos deixamos de pagar a limpeza porque non vamos a gastar no que non é noso como que o propio SERGAS tivo que asumir a limpeza trinta e pico mil euros ao ano que nos





aforramos para outras cousas deixamos de pagar auga, luz nos desicimos totalmente do centro de saúde asinando un convenio que nos levou o seu tempo culminou cunha sinatura notarial, non só de Ares senón doutros concellos porque nese goberno o conselleiro da presidencia decidiu facer por primeira vez na historia un pacto local que ningún outro goberno repetiu e dicir o pacto local que é o acordo sobre transferencias financeiras e competencia da administración autonómica cos concellos non avanzou nada dende o 2006 foi o primeiro que asinou o pacto local e transferimos competencias a Xunta de Galicia grazas a ese pacto local non só en centros de saúde senón tamén en escolas e foi un goberno que durou catro anos e efectivamente o plan especial de saúde podemos dicir que é un plan director con Ares sendo dos primeiros en cumprir os deberes sendo dos primeiros en ceder o chan porque timos que ceder a parcela para ampliar, sendo dos primeiros en deixar de pagar a limpeza porque asumiu a xunta a luz e todo e sendo os primeiro que puxemos o chan en mans da xunta xunto con outros concellos porque asinouse o pacto local porque o Sr. Fraga non asinara ningún pacto local con Fraga non se ía a facer o centro de saúde si decíamos que era ahí, co PSOE íanse a facer moitos centro de saúde e había que ir facendo as transferencias ben, pois a sorpresa sae cando ese pacto local se desenrola en todos os concellos que queren un centro de saúde ceden o suelo e no plan director de zoa de Ferrol noso centro de saúde aparece de último de dezasete o último de dezasete, primeiro Somozas que é moito máis importante de Ares todos por diante, o de Ares o último como me dixeron a min dunha maneira moi simpática pero "cando se terminen os dezaseis e o primeiro" una conselleira que se chamaba Sra. Pilar cando se termine porque non se pon de último si somos os primeiros que decimos o suelo si xa non pagamos a limpeza si tedes todo listo ben pois non o tomes así cando teñades o 16 feitos, Ares será o primeiro e foi así, cando terminaron o dezaseis anteriores todos en concellos do PP todos en concellos do PP todos, todos efectivamente o de Ares foi o primeiro e de feito foi o ano pasado no 2018 cando íase facer no 2003, simplemente a decisión de lévalo a Pedros retrasouno 15 anos ou quizás a decisión de que o Alcalde fora socialista nolo retrasou a oito eu non sei porque foi o 17 pero foi o último por certo, nos concellos do PP os centros provisionais os poñía a xunta, non preocuparos mentres facedes o novo poñemos módulos ou si tedes un local adaptamolo, aquí tivemos nós que buscarnos a vida gastar 50 millóns e poñer nós o provisional si estivechedes na inauguración o Sr. Feijoo o dixo e deu as grazas fumos o único concello que durante a construción do centro de saúde puxo os medios para a atención do provisional eu dixen claro cando deu as grazas non lle quedou outro remedio, porque outros sitios non vos encargachedes do provisional ou é que o centro de saúde provisional deixa de ser sanidade., as competencias son sanidade en módulos na rúa e onde sexa e si o centro non vale ten que habilitar outro a xunta que a competencia en materia de sanidade e deles, o Sr. Diego Calvo dou uns cartos que eu podía haber gastado en rúas, abastecemento e alumeado e tivenllo que pedir para eso porque a Xunta non cumpriu e porque tiña que ser para eso porque o teñen que dar para o centro de saúde provisional, porque non o deu para o abastecemento e arranxaba o abastecemento en verán porque iso o tiña que arranxar sanidade o Sr. Diego Calvo veuno, porque can fun co conto e lle dixen esto é voso porque ten o concello que arranxar o concello vello para un centro de saúde provisional si a competencia é autonómica esto é voso e o Sr. Diego Calvo porque eu levome moi ben con todos os do PP non sei porque menos cos de Ares, me levo con todos os do PP conselleiros, presidente menos con vostedes o Sr. Diego Calvo deumo dixo pero non é normal non tiña que darcho para sanidade porque a competencia é autonómica dino o estatuto de autonomía entón non vir con contos porque aparte de desgraciar a sanidade española, aparte de ser os culpables do centro de saúde pola manía de lévalo a Pedros e ser os que fixechedes o plan do centro de saúde de Ares de 17 que non o puxen eu o puxo



conselleiros do PP de 17 ata que veu un conselleiro do PP que foi Alcalde, e os Alcaldes é certo que falan unha linguaxe especial e eu lle teño que agradecer a este conselleiro que atendeume, entendeume e non me vacilou como as anteriores, cando teñamos os 16 o teu xa é o primeiro esa é a contestación dunha conselleira do PP a que lle interesaba moito a saúde dos aresáns pero veu un conselleiro do que non podo dicir nada axudoume o Sr. Diego Calvo en algo que non tiña nada que ver coa xunta da que non podo dicir nada e o veu a inaugurar o Sr. Feijoo pero iso non quita a historia anterior, que non se fixo antes pola manía de lévalo a Pedros que foi o 17 que foi o último e que nos obrigaron a destinar un local e cartos que conseguíronse noutras administracións no na autonómica para un centro de saúde provisional cando a todos os demais sitios a xunta asumía os provisionais e esa é a realidade pero ben, cada un ten a súa lectura e non nos imos a enfadar por ver as cousas de diferente maneira que niso efectivamente consiste a política.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do BNG si facer uso da segunda quenda de intervención.

Os asistentes informas de xa fixo uso do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde sometendo o punto a votación.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando si pode pechar o debate.

O Sr. Alcalde responde que non, si tes dúas quendas tes dúas quendas, que non fixera uso da segunda quenda non significa que vostede poda ter a terceira quenda.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que cando se presenta unha moción ten dereito a pechar o debate según o regulamento interno do concello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que cree que non, que soamente ten dereito a pechar o debate si se propoñen emendas ou trasacciones e tes que contestalas, aquí vaise votar tal cal, pois non podes pechar o debate tiveches as dúas quendas de intervencións eu tiven os dúas quendas.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que conte en acta que o Sr. Alcalde lle nega pechar o debate.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non hai transaccións nin compromisos, si houbera claro que tes que pechar o debate pero vaise a votar a moción tal cal, temos cada un dúas quendas, fixar posicións e debater.

O Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo BNG.

Sometida a votación a moción presentada polo BNG "Moción en defensa da sanidade pública" o Pleno do Concello por, 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3BNG) e 3 en contra (3PP) acorda prestar a súa aprobación.

Antes de entrar na quenda de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia.

Non presentase ningunha



## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando, quedaron sen responder as da sema pasada respondendo estas ou facedes máis.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que si, que fan máis pero pero que pode ir respondendo as do pleno anterior.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que fará o que lle da a gaña, respondendo ao final e punto.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando, ti preguntaches.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, preguntei si as respondendo ou vai a haber máis.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo ti preguntaches eu respondendo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que decide responder todas xuntas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que lle gustaría que contestara as preguntas do pleno anterior porque pode darse o caso que dependo da pregunta e da resposta que de nós teñamos que facer outra pregunta.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa pero que non é así, facemos as preguntas deste pleno e logo eu porque as deste pleno as podó contestar seguro no outro pleno porque teño dereito as deste pleno dicir que as respondendo no próximo pleno e contestar neste pleno as do pleno anterior entón, pido que fagades as preguntas porque ao mellor as contesto neste pleno ou no seguinte.

Intervén o Sr. Mesías Farías formulando os rogos e preguntas:

- 1) En relación co tema das convocatorias plenarias que xa o temos falado moitas veces, e a xustificación de que como non hai puntos non se convocan os plenos non, claro que hai temas e de feito hoxe veu a un tema que ademais incumpre outro dos puntos do regulamento porque ven como asunto de pleno sen embargo non se nos deixa intervenir como é o punto número 3 que é polo que lle vou facer agora a pregunta. O punto número 3 do día de hoxe parécenos que é un punto suficientemente importante como para poder debátelo aquí no pleno que é dar conta do escrito do Ministerio de Facenda de 18/12/2018 non tiñamos constancia do escrito anterior ben, o escrito do 18/12/2018 entendemos que se refire a algo xa iniciado anteriormente polo ministerio onde se lle requiría ao Concello de Ares o Ministerio de Facenda un requirimento sobre o incumprimento do prazo entón o que ben a dicir este incumprimento que para o Ministerio estase a incumprir o plan, aquí isto o que ben a dicir agora é que xa se incumpriu no ano 2016 e que no 2016 o Sr. Secretario xustificou, entendo eu que foi o Sr. Secretario porque aquí di que se lle remita ao Sr. Secretario o Sr. Secretario xustificou ese incumprimento do plan e que non era tal por iso o Ministerio di ben, se vostedes consideran que non hai incumprimento non tomen medidas, pero si consideran que hai incumprimento deben tomar medidas e notificar que tipo de medidas entón aquí o que sae en cuestión é que o concello xustifica que non hai incumprimento do plan



de axuste pero agora no 2017 volve a requirir por un incumprimento do plan, supoño que a resposta será igual que a do ano pasado e a resposta do Ministerio será tamén a do ano pasado o cal, podemos estar todos os anos coa mesma dinámica o Ministerio de Facenda recrimínanos por un incumprimento do plan de axuste o Concello de Ares di que non hai problema e aquí non pasa nada, a min agora mesmo paréceme que pasa moito, non me parece serio porque se o Ministerio ve que houbo un incumprimento o ano pasado que o concello xustifica pero que ao respecto das contas do ano seguinte volve a dicirle que hai un incumprimento eu entendo que aí alguén non está a facer ben as cousas porque non podes estar requirindo todos os anos por unha cuestión que se vai xustificando e volverlle a requirir entendo eu, entón por iso creo que é moi importante abordar o que é este tema por iso non só cre que haxa que dar contar senón abrir un debate ao respecto da situación económica por iso dicimos por iso nós dixemos e defendemos o debate orzamentario a urxente necesidade da contratación dun interventor, porque as contas do Concello de Ares non están ben e o Secretario-Interventor xustifica con que non dispón de medios humanos para realizar a súa labor fiscalizadora e así o di nos seus informes polo tanto, vólvolle a reiterar a cuestión dos orzamentos por favor convoque vostede unha praza de interventor que este concello necesita un interventor como auga de maio é explíquenos así por enriba en que consiste a resposta do Sr. Secretario que tamén o Ministerio di que podía ser mediante unha resolución plenaria pero xa sabemos que aquí o das resolucións plenarias neste tipo de cousas non se levan a cabo. Esa é a primeira cuestión.

- 2) A segunda cuestión que lle plantexo é ao respecto dunha pregunta que fixemos por escrito sobre as obras na praia de Seselle onde se dou contestación xa pola Concelleira delegada de Urbanismo onde di que a obra non se executou conforme o proxecto presentado nesta administración e remitido a Costas de Galiza polo que se iniciou a apertura do expediente de reposición da legalidade urbanística, gustaríanos saber cal é a situación actual ao respecto de esta obra, si hai vontade por parte do propietario de facer as cousas con legalidade ou si simplemente o que se lle vai a facer e meter unhas multas coercitivas, e como hai preguntas do pleno anterior deixamos así a nosas cuestión de hoxe.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez formulando os rogos e preguntas:

- 1) En tempo e forma fixemos un recurso de reposición do acordo plenario en relación a resolución licitación do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da Ría de Ferrol (coducción e bombeos) Ares, Fene e Mugardos. ¿Por qué non se incluíu na orde do día deste pleno?

Intervén o Sr. Alcalde pregunta que é o que non se incluíu no pleno.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que o acaba de dicir, o recurso de reposición.



Intervén o Sr. Alcalde preguntando sobre que.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que sobre os bombeos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que os bombeos foron adxudicados e vostedes presentaron un recurso de reposición.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que un recurso de reposición contra o acordo plenario.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que un recurso de reposición do acordo plenario onde se adxudicaba, eu non levo isto non o sei.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que está facendo o informe o aparelador.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que son son o asesor xurídico, podo entender o que eles me explican pero eu non levo o trámite xurídico, por iso digo que non teño nin idea de porque non veu ao pleno

- 2) A segunda pregunta é que con respecto a solicitude da información sobre a adxudicación de contrato na xestión do servizo público e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da Ría de Ferrol (coducción e bombeos) Ares, Fene e Mugarodos, o expediente de contratación da mesa celebrada o día 09/08/2018 e tamén o contrato menor de asesoramento cultural de 2018 que foi adxudicado a empresa Anxares, o Sr. Alcalde da autorización para acceder a consultar dita documentación pero cando vaise a consultar o expediente non se nos deixa ver e se nos di que non.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando cales son os expedientes.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que o contrato contrato na xestión do servizo público e mantemento do sistema pertencente a actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da Ría de Ferrol (coducción e bombeos) Ares, Fene e Mugarodos e o de Anxares.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ou sexa o contrato anterior porque aínda non está vixente este e o do asesor non. O Sr. Alcalde pregunta e non volo ensinaron.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que non, que hai unha persoa que falta que está enferma e se nos autorizou a velo.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que aí ten a resposta si me estas dicindo que é porque falta unha persoa.

Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que é o que me din.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el non o sabe pero ben.



- 3) Con respecto a resolución da Alcaldía 5/19 queríamos saber porque en dita resolución falta o programa e a parte económica.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non entende o que falta.

Responde a Sra. Martínez Martínez aclarando que en todas as resolución aparece o a programa e a partida económica.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vale.

- 4) Non entendemos como vai a toma de razón o escrito do Ministerio de Facenda senón vanse a tomar medidas que non sei porque.
- 5) Xa que as sentenzas non veñen aos plenos queríamos saber a que órgano colexiado teñen que ir e porque non se levan a ese órgano colexiado.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo as preguntas do pleno pasado.

- 1) Sobre o muro do Raso aí efectivamente trátase de dominio público a competencia é do estado e en consecuencia a obra se pide sen invasión do dominio público, durante a execución invádese o dominio público e en consecuencia nós abrimos un expediente por infracción da licenza pero a recuperación do dominio público é competencia de costas, nós non podemos recuperar o que non é noso nós podemos abrir un expediente de infracción que xa o fixemos pero o dominio o segue invadindo porque a competencia para recuperalo é de Costas esta xente vai a un avogado evidentemente e lles di que Costas da concesións entón antes de que Costas o recupere porque o concello xa abriu o expediente de infracción e vai a acabar cunha sanción pero polo menos que Costas non te tire o muro, porque a infracción do concello xa é insalvable porque ti fixeches o muro en dominio sen concesión pero que tire Costas o muro o pode salvar si te da a concesión, e están pelexando a concesión di, non o tiro te pago ao mes a ocupación eu non sei si que vai a resolver Costas, porque Costas da concesións, daralle Costas a concesión porque preferirá cobrarlles a ocupación do dominio público é competencia do estado non é competencia municipal, nós ata que teña concesión imos seguir mentindo multas pero si lle dan a concesión o muro pasa a ser legal en consecuencia aí non podemos facer nada entón, eu estouche informando de que esta xente invade o dominio público e agora lle quere pedir a Costas que lle de o permiso para invadir cousa que só se da con concesión e as concesións se pagan que fará Costas, concederá a concesión aí cando non a esta concedendo en ningún sitio, pois non o sei é competencia estatal.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando que no caso de concedela cal é a opción do concello.

Responde o Sr. Alcalde nada, cobrando todo o feito ata que empece a ser legal, a concesión legaliza iso.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si o concello non ten nada que dicir porque unha persoa teña cartos e pode ocupar.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que e o que temos que dicir si lle concederon ao náutico toda aquela parte, e que pintamos nós, imos por partes se a contestación non lles gusta eu sinto.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que non é a contestación non me guste.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que no porto encheron e déronllo ao náutico non ao concello nin ao club de remo de Ares, ao náutico e anos despois moitos anos despois déronlla aos pescadores pero a cofradía foi a última, primeiro para o náutico, as concesións que as concede cobra e cala entón este Sr. di prefiro pagar un canon e non derrubar pois para iso ten que ter a concesión, a concesión lle legaliza o muro porque a ocupación de dominio público a paga en forma de cartos a vida é así e a lei de Costas fíxose no 2014 e di iso e si viaxamos un pouco porque viaxando nos despexamos e axúdanos tamén a ver o ben que vivimos en España a pesar de todos os problemas por aí adiante hai praias privadas, ti vas a Italia e hai hoteis con praia privada onde só poden ir os que se aloxan no hotel iso significa que ese dominio público está concesionado e as praias libres as peores e con desaugues iso pasa por Europa adiante as mellores praias privadas se concesionan en España iso non pasa porque dende o ano 74 que se fixo a primeira lei de costas establece que o acceso ao mar é un dereito cidadán e que forma parte do demanio por tanto é un ben demanial e por tanto é público praias, ríos, as augas é unha resolución de protexer os bens demaniais logo danse concesións pero cando a concesión termina volve a ser público.

- 2) A plataforma de contratos públicos a leva Rubén, Rubén é o que sabe todo Rubén é o que controla o que nos saca dos apuros Rubén é o que vai ao tanto e aquí efectivamente Rubén é o que menos cobra, Rubén debería ser o xerente nisto Rubén debería ser o xerente entón efectivamente a plataforma de contratos públicos pois está Rubén aí efectivamente como un león ensinando agora hai dous o que nos pagamos e vortal entón nós a última hora temos que elixir con cal nos quedamos, entón neste proceso de cambio de contratación electrónica tivemos problemas para adaptalo os asesores marcaron unhas pautas empezaron a atender uns, outros a nós nos tocou en agosto o conseguimos e agora imos, imos ben de todo, non, non imos ben de todo porque efectivamente cando vou eu a abrir as cousas a veces non van hai que chamar a técnica da deputación logo cando as cousas se reparten a o outro non lle vai é dicir falla é unha plataforma nova e falla pero ben efectivamente, iso non impide que despois dunha adxudicación non houbo mesa de contratación senón despois dunha mesa de contratación convocase a xunta de voceiros para explicar a adxudicación pero despois de cada mesa de contratación é imposible porque hai mesas de contratación onde simplemente eu lle dou a un botón para abrir o proceso, e non vou a convocar unha xunta de voceiros para dicir as 11:45 coa miña clave abrín o proceso non entón despois de cada adxudicación, despois de que a mes de contratación termina os seus deberes e hai unha empresa adxudicataria podemos facer unha mesa de contratación, xunta de voceiros non o sei case mellor unha comisión de algo porque terán que ir Benito ou Alfonso a explicar os seus informes, porque aquí adxudicase en función dos informes técnicos entón, si queredes saber porque se adxudicou e non vou a saber contestar porque nunha xunta de voceiros non hai técnicos entón o mellor será unha comisión posiblemente a de obras ou a de urbanismo ben, pois xa veremos en que comisión na que teñan que estar os técnicos porque senón que fago adxudicouse e punto e pelota entón efectivamente iso que que dixen no seu



día de facer unha xunta de voceiros pode ser unha opción e levamos os técnicos a ela ou facemos unha comisión pero ben, si facemos unha xunta de voceiros que está claro que ten que ser a fórmula está claro que teñen que incorporarse os técnicos.

- 3) Os incumprimentos do plan de axuste son pola previsión e prazo medio de pago non son polos obxectivos, cando nos fomos ao plan de pagos nos deron uns cartos para pagar unhas débedas o que liberounos nos orzamentos posteriores para executar o ano se nos os cartos do 2019 non o usamos para pagar débedas do 2018 pois iso significa que o de 2020 non o imos a usar para pagar débedas do 2019, porque si cos cartos do 2019 temos que pagar o de 2018 co de 2020 temos que pagar o 2019 iso é evidente, iso é o que se facía antes en Ares e en todos os concellos entón co pago a provedores se nos dixo borrón e conta nova con estes cartos paga o que debes e co orzamento deste ano pagas o de este ano é o que fixemos e en consecuencia é o que efectivamente o obxectivo e diminuír efectivamente esa débeda e ese obxectivo esta cumprido de sobras dunha débeda de 110% do orzamento estamos nunha débeda do 28% é dicir xa estamos nunha débeda notablemente inferior a que eu recibín oficialmente, eu recibín unha débeda oficialmente de corenta e pouquiño e logo resulta que non era tal porque, porque houbo que ir a un plan de provedores porque había máis facturas fora de esta débeda e por tanto tivéronnos que dar cartos dende Madrid para poder pagalo entón agora xa estamos no 28% e dicir, porque non se preocupa o Ministerio e simplemente nos fai un requirimento anual, porque logo a resposta eu non sei si temos a do ano pasado eu vin algunha logo a contestación e ben, vale non adopte ningunha medida porque o obxectivo fundamental é a redución de déficit e de feito estamos no 28% cando o de España está no 105% entón nese sentido que nos din, intentar cumprir co prazo de provedores e dicimos si pois intentamos cumprir pero entre que as facturas a veces presentase fora de prazo con problemas iso alarga o prazo dende a data de entrada a data de pago si a factura non cumpriu dis coño a presentaron en tal data e iso aumenta o período de pago pero en realidade o período de pago está en 28 ou 30 días entón a facenda non lle preocupa porque máis o menos o cumprimos e o outro foron os ingresos , nós calculamos unha proxección de ingresos cunha previsión de que a crise non ía a durar tanto a crise comeza a notarse no 2010, 2009 esa desaceleración que negaba Zapatero vaise afondando nunha crise que no 2011 xa é unha recesión mundial 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018 e aínda estamos vendo o crecemento dende o ano pasado e para iso de crecementos que se corrixen ao longo do ano empezan falando do 2,1 ,2,8 e xa a previsión é de 2,2 e baixando é dicir que o crecemento volve a ser unha desaceleración entón a previsión de ingresos non a cumprimos pero a facenda non lle importa porque ve que tampouco gastamos entón di, non cumprides ca previsión de ingresos pero non gastades máis, non cumprides co prazo a provedores pero non pasa nada que son uns días porque o máis importante é que unha débeda do 110% este en 28% polo que cumprides cos obxectivos europeos para o déficit de feito as contas españolas de acordo co problema o co que é o nivel de esixencia e convergencia do déficit europeo a está salvando os concellos nin o estado nin algunhas comunidades autónomas foron capaces a reducir nada e sen embargo os concello si.
- 4) A redución de gastos de inversión para non aumentar os mantementos é unha decisión política, iso cada un o que governe pois que venda todo, cada algún de vostedes sexa alcalde e non quere mantementos que venda todo en consecuencia eu o que estou mercando é patrimonial e por tanto se pode vender e en





consecuencia iso aumenta os mantementos ben, pois cando gañedes o vendes e en consecuencia a miña obrigación de momento é atopar os cartos para mantelos e eu estou atopando cartos para mantelo de feito a casa reitoral xa a arraxamos este ano en consecuencia o problema sería non ter cartos para mantelo pero si imos a mercar uns terreos para facer un aparcadoiro en Cervás e imos a seguir loxicamente arraxando o aparcadoiro da leira da casa reitoral e iso xera mantemento porque hai que ir a cortar a herba ben, pois cando ganes pois o vendes.

- 5) En canto a baixa do IBI é de 0,1 a segunda, efectivamente seguimos co IBI alto, eu non gañei as eleccións dicindo que o ía a baixar e o tiven que subir para cumprir cos obxectivos pero subiuse unha vez no 2011 e non se volveu a subir logo baixouse a 0,1 que é moi pouco ben, pois 0,1 máis 0,1 baixouse 0,2 baixouse do 0,70 ao 0,68.
- 6) En canto a pregunta da policía local é competencia da Alcaldía a lei di que teñen que facer informes os Xefes da Policía Local e eu aquí encóntrome cun pequeno problema que o meu Xefe da Policía Local que ten que facer informe é afectado porque si se da a permuta vaise entón ten que absterse ten unha causa de abstención como a copa dun piano entón efectivamente temos que resolver de feito xa o resolvemos e dicir hai que buscar a forma de darlle a permuta salvar o informe de Vicente porque como interesado ten que absterse como se vou a pedir a Vicente infórmame a permuta de Sandra, que vou a informar si estou ocupando a súa praza, se Sandra permuta eu voume, pois ben, si tes interese no asunto ti non podes informar e entón quen informa o que está de baixa ben, isto está medio resolto non vai a haber ningún problema.
- 7) En canto as obras de rehabilitación das pinturas en principio xa pedimos a entrevista pero a Directora Xeral aínda non a concedeu.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que acabas de dicir Julio que a carga financeira do 2017 é do 28%.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que do 2017 non, a nós fannos un requirimento do 2018 e nós xa lle contestamos que a carga financeira baixa e é máis que cos orzamentos do 2019 baixa a 28% é dicir, estamos demostrando que incluso cos orzamentos vai a baixar o 28% a carga financeira.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que no 2017 era do 48%.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que baixou no 2018 ao vinte e pico e agora no 2019 baixa ao 28%, eles o ven, ven que estamos baixando e cumprindo por iso non nos poñen sancións nin din nada, dámoslle explicacións razoables e lles vale.

- 8) En canto o contrato de Anxo que non estaba ao día pois debeu de poñerse ao día evidentemente, senón non se lle pode pagar si se lle pagou é porque se puxo ao día, entón tesourería...

Interrompe a Sra. Martínez Martínez.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está respondendo senón che gustan as contestación que queres que che faga, aquí hai rogos e preguntas eu respondo entón, cando el presenta o tema ten cumprir unha serie de requisitos senón os cumpre tesourería non lle pode pagar entón acumula, despois cumpre e se lle paga



o que se lle debe entón si tesourería lle pagou nove meses xuntos é porque xa cumpriu.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que senón ten o contrato legalmente como se lle vai a pagar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso de que non ten o contrato legalmente dilo ti, para pagarlle nove meses ten que ter un contrato.

Intervén a Sra. Martínez Martínez e a Sra. Seijas Díaz dicindo que senón cumpre non pode ter contrato.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que imos por partes e o digo e é así senón lles gusta a miñas preguntas e o voso problema eu as estou respondendo, que non lles valen a miñas respostas estades en voso dereito pero o debate en rogos en preguntas non hai debate entón eu lles digo que si se lle paga é porque tivo que haber informes favorables nin mando pagar, nin fago os informes a min iso non me corresponde facedes unha pregunta, pagóuselle pois será que houbo funcionarios que viron que estaba ben porque eu nin asino os informes, nin dou ordes nin pago e as facturas que eu seipa non me presentan entón, eu o que sei é que a veces temos que suspender pagos porque a xente lle debe a facenda, e cando a xente ven e di xa non lle debo nada a facenda se lle paga.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que dende ese momento iniciárase o contrato.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, iso o dis ti.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo, non o digo eu o di a lei.

- 9) En canto os cortes de luz no Mazote eu vivo alí e a verdade dura moi pouquiño, avisase a empresa e o arranxan, que porque son eses cortes de luz pois non o sei non son electricista non o sei eu sei que se arranxa porque avisase a empresa.
- 10) O das mesas de contratación xa dixeran que en xunta de voceiros cun técnico o proceso é excesivamente tecnificado en informes, presos e iso o teñen que facer os técnicos.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en canto as preguntas deste pleno, o plan de axuste xa o contestei, as obras da costa xa contestei, o recurso da adxudicación de bombeos estará en secretaría para resolver cos informes o tema da solicitude de autorización de expedientes dos bombeos e o do asesor deberán entregalo e eu non sabía que o pediras.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que como non sabia que o pediram os se ti respondiches que deberán entregalo.

Responde o Sr. Alcalde estou dicindo que non sabía que non o veras, senón sabes falar castelán non é o meu problema é dicir eu estou dicindo que non sei que non o viches é o que non sei e tamén engadir que incluso aínda que o houberas pedido e eu o houbera asinado eu non leo todo o que asino porque é imposible porque a min cando me baixan as carpetas os funcionarios asino todo, e si ti crees que leo efectivamente todo o que asino si o crees eres unha iluso porque non podo ler todo o que asino porque é imposible entón, como teño uns funcionarios que me baixan e confío neles eu collo as carpetas e as asino, crees que leo todo home por favor aquí tratase de sacarlle punta a todo agora teño que léelo todo aínda que o lea e eu que sei si o deron ou non o deron eu puiden asinar que o entreguen e logo non o entregan porque non contábamos con que Carballo ía de baixa, entón porque non se dou porque posiblemente os contratos os ten gardados Carballo e foise de baixa e onde están onde vai Carmen a buscalos e



que esas situacións humanas son tan difíciles de entender. En canto ao de Facenda xa o respondín.

11) Cón relación ao das sentenzas, pregunta ao Sr. Secretario se teñen que vir ao pleno o Sr. Secretario responde que non, o Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Secretario se teñen que ir a outro órgano o Sr. Secretario di que non.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

